

# Concello de Vimianzo

## PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Visto o expediente do concurso de ideas con intervención de xurado, que se paralizou no seu momento por mor da interposición dun recurso contencioso-administrativo contra as bases reitoras do mesmo por parte do Colexio de enxeñeiros de camiños, canales e portos.

O 19 de novembro de 2012 (RE 8507) a secretaria do Xulgado contencioso administrativo núm. 4 remitiu certificación da sentenza, que ten o carácter de firme, e desestima o recurso. Confirmadas as bases, procede continuar coa tramitación do expediente.

As bases foron publicadas no BOP nº 28, do 11/02/2011 e no DOG nº 46 do 09/03/2013 e no xornal "La Voz de Galicia" o 11/03/2010. O prazo de presentación de propostas foi de dous meses contados dende o remate do prazo de realización de consultas (un mes dende a publicación do anuncio no DOG), e rematou o 10/06/2010. Consta no expediente informe da funcionaria do Rexistro Xeral de Documentos, comprensivo das propostas presentadas: 92 rexistros de entrada que corresponden a 63 lemas propostos.

Neste iter procedimental, procede o nomeamento do xurado, dacordo co disposto na base 4º, que establece o seguinte:

### **"4.-O XURADO**

#### **4.1.-Composición**

*O xurado estará formado por:*

*Presidente: O Alcalde Presidente do Concello de Vimianzo ou persoa en quen delegue.*

*Vogais:*

- Un Arquitecto designado pola Alcaldía.*
- Un arquitecto designado pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña.*
- Un arquitecto designado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).*
- Un arquitecto designado polos concursantes.*


*Poderá participar como observador un concelleiro representante por cada un dos Grupos Municipais do Concello de Vimianzo.*

*Actuará como Secretario, con voz e sen voto, un funcionario do Concello de Vimianzo nomeado pola Alcaldía.*

*Os vogais que non teñan relación de servizo co Concello de Vimianzo, percibirán as indemnizacións por asistencia a órganos colexiados previstas na normativa de aplicación. "*

A petición do alcalde da Corporación precedente, D. Alejandro Rodríguez Lema, foron propostos os seguintes membros:

- Arquitecto designado pola Escola Técnica Superior de Arquitectura: Xosé Manuel Casabella López (titular) e Plácido Lizancos Mora (suplente);
- Arquitecto designado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia: Celestino Gracia Braña



# Concello de Vimianzo

(titular) e Alfredo Díaz Grande (suplente);

Está pendente de designar o arquitecto proposto polo alcalde e o arquitecto proposto polos concursantes. Respecto a este último, consta no expediente acta asinada pola Secretaria municipal respecto do contido dos sobre B, de data 25 de novembro de 2013, resultando arquitecto proposto D. Alberto Noguero del Río.

Foron designados concelleiros por parte dos grupos municipais en calidade de observadores, pero faise necesario solicitar nova designación, pois mudaron os concelleiros da Corporación con motivo das eleccións municipais do ano 2011.

Sendo intención desta Alcaldía convocar a sesión constitutiva do xurado para o vindeiro 16 de decembro de 2013, ás 17:00 horas, na sala de reunións do segundo andar da Casa do Concello. A convocatoria realizarase o 12 de decembro de 2013 por Resolución desta Alcaldía.

Visto o anteriormente exposto, DISPOÑO:

Primeiro.- Solicitar aos grupos políticos municipais que designen a un concelleiro/a (titular e suplente) para participar como observador/a no xurado que ha de avaliar as propostas presentadas ao concurso de ideas antes do 12 de decembro.

Segundo.- Que pola funcionaria responsable da contratación, D.<sup>a</sup> Ivanna Vidal Domínguez, se realicen os trámites oportunos para coñecer a dispoñibilidade dos membros do xurado xa nomeados para acudir á sesión constitutiva o día 16 de decembro, ás 17:00 horas.

Asemade, publíquese esta providencia na web municipal.

Vimianzo, 5 de decembro de 2013

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

